

**AS MULLERES  
GALEGAS  
POLOS NO SOLOS  
DEREITOS**

*AN.PG*



## O PROBLEMA DA MULLER NA OBRA POÉTICA DE ROSALIA DE CASTRO

E a total falla de prexuícios á hora de analizar a realidade o que indica o carácter fondamente revolucionario da actitude rosaliana. Nunha época de ideoloxismos pretendidamente progresistas, encubridores e xustificadores dunha nova esclavitude — a competéncia, o individualismo, a hipocresía, o egotismo... —, inda que se presentasen en nome da libertade e da civilización, Rosalia foi capaz de valorizar os mecanismos de funcionamento dunha sociedade pre-capitalista frente á sociedade burguesa, afastándose do plantexamento colonial, despreciativo ou xerarquizado, típico dos que xustifican toda destrucción, toda agresión en nome de "salvar" aos salvaxes do "atraso". Tiña que ser unha muller, persoa marxinal no contexto burgués, dun país marxinal, a Galicia, precapitalista do século XIX en proceso de dominio ascendente do capitalismo español, a que producise unha obra tan sumamente reveladora, conflictiva e crítica.

Un dos aspectos máis chamativos da obra rosaliana é o papel que lle fai xogar á muller, como elemento nuclear e fondamente indicativo dos sufrimientos, disgráncias,inxusticias e incomprendóns no mundo. O primeiro que fixo foi defender o comportamento afectivo-sexual da muller labrega galega, por consideralo menos alienado que o da media e pequena burguesía española. No poema "San Antonio bendito...", aparece toda unha concepción da relación home-muller, desacralizada en función das necesidades materiais (económicas e fisiológicas):

Mais, en tendo un homiño,  
non hai mundo que chegue  
para un folgarse.  
Que, zambo ou trencó,  
sempre é bo ter un home  
para un remédio.

Este tipo de concepción afectivo-sexual, producto da estrutura económico social do pre-capitalismo, indica menos represión, menos espiritualización nas relacións home-muller. Mesmamente, a relixiosidade, a devoción, aparece materializada, cumplindo unha funcionalidade humana, elemento para a consecución dos deseños da rapaciña:

San António bendito  
dádeme un home...

Facé, meu San Antonio,  
que onde min veña...

Meu santo San António,  
daime un homiño...

O gusto persoal na muller, ben precisado no poema, concrétese nun ..... que cobisa  
causa miralo,  
lanzadío de corpo,  
roxo e encarnado.  
Carniñas de manteiga,  
e palabras tan doces  
cal mentireiras...  
Realízase na relación sexual-afectiva:  
... mais el, xa dixito,  
de amoríños entende,  
de casar pouco...

inda que non se realice a nivel de institucionalización social. E decir, realizase a nivel de "folgarse", pero non a nivel dun "remédio" económico. A rapaciña é:

unha nena solteira  
que levo en dote  
unha culer de ferro,  
catro de boxe,  
un irmancín novo  
que xa ten dentes,  
unha vaquiña vella  
que non dá leite...

A necesidade (fisiolóxico-económica), a sua aceptación aprexuiosa, leva a querer un home...

anque me mate,  
anque me esfole,  
que, zambo ou trencó,  
sempre é bo ter un home  
para un remédio.

Estamos, pois, ante unha mentalidade falta de hipocresía, espontánea, vinculada directamente a unha dinámica de necesidades materiais. O home, en xeral e o home particularizado e deseñado, entran nunha funcionalidade determinada polo papel e as necesidades declaradas da muller labrega. Son os valores de uso ainda os determinantes.

Esta mesma aceptación e comprensión aprexiúciase das condutas, das mentalidades e das funcións sociais, levouna a, identificándose tan claramente coa situación da muller, trascender todo tópico ou esquematismo feminista. Para ela, existe o problema da muller, pero non é igual en todas e cada unha das clases sociais. A preocupación, a más clara identificación de Rosalia, vai encamiñada cara as mulleres labregas e mariñeiras, dentro do cadre "do eterno infortúnio que afrixe aos nosos aldeáns e mariñeiros, sóia e verdadeira xente de traballo no noso país". Delas recolleu problemas, analizou actitudes, descobreu secretos e amosou sentimentos, sempre a partires dunha conciencia moi clara da súa función, do seu papel económico social e cultural no seo das clases populares galegas (faenas do campo, maternidade, traballo doméstico, emigración do home...). A muller non traballadora é obxecto de preocupación pero por motivacións contrárias: pola súa alienación, obxectualización, narcisismo e auto-contemplación, debido á disfuncionalidade económica. Nun significativo poema titulado "Xan", Rosalia exemplifica, de maneira expresa por medio da excepción que confirma a regla, as coitas, as penalidades, a sobre-exploitación das mulleres do campo. Xan é un home casado sometido a todas as faenas dunha muller labrega casada, Pepa. Así se sobrencia o papel privilexiado do home no contexto:

Xan vai coller leña ao monte,  
Xan vai compor cestos,  
Xan vai podelás viñas,  
Xan vai apañalo esterco;  
e leva o fol ao muíño,  
e trai o estrume ao cortello,  
e vai á fonte por auga,  
e vai á misa cos nenos,  
e fai o leite e o caido...  
Xan, en fin, é un Xan completo,  
deses que a cada muller  
lle conviña un polo menos;  
pero cando un busca un Xan,  
casi sempre atopa un Pedro.

Pero resulta que o comportamento da súa muller non é o próprio nem o típico das mulleres do campo, senón das mulleres burguesas, das mulleres ociosas, narcisistas e auto-contemplativas:

Pepa, a fortunada Pepa,  
muller do Xan que sabemos,  
mentres seu home traballa,  
ela lava os pes no rego,  
cátalle as pulgas ao gato,  
peitea os longos cabelos,  
bótalle millo ás galinás,  
mármura coa irmán do crego;  
mira si hai ovos no niño,  
bota un oijo aos manzanceiros,  
e lambe a nata do leite,  
e si pode bota un neto  
coa comadre, que agächado  
traillo en baixo do manteo.

Irónicamente, pero de maneira ben ecuánime en relación coa mecánica real dos feitos nun sentido xenérico, á hora de deitarse a que aparece laiándose de cansancio é Pepa (neste caso a afortunada) e non Xan (neste caso, o disgraciado). Escea que non pode deixar de evocarnos as amonestacións dun marido a sua muller, inda que os dous señan traballadores, para que ature aos nenos que non o deixan descansar, ou as dunha señora burguesa á sua criada para que atenda, até o último alento, as faenas domésticas (cuidando dos nenos e das queixumes físicas de calquera membro da familia). Ao cabo do día, Xan desempeña funcións específicamente "maternas" ou "femeninas" (coidar os nenos, remediar os doentes):

E cando Xan pola noite  
chégaa cansado e famento,  
ela xa o espera ante as mantas,  
e ao velo entrar dille quedo:  
— Por Dios, non barulles moito,  
que me estou mesmo morrendo.  
— ¿pois que tes,ña mulleriña?  
— ¿Que hei de ter? Deita eses nenos;  
que esta madre roe en mí  
cal roe un can nun codelo;  
e ao cabo ha dare comigo  
nos terrós do simetério...  
— Pois,ña Pepa, toma un trago  
de resólido que aquí teño,  
e durme,ña mulleriña,  
mentras os meniños deito.

Hai o problema específico da muller labrega e mariñeira, das mulleres traballadoras, todas elas oprimidas, non respecto do home en abstracto senón respecto dunha estrutura social, económica, política e cultural, que reserva unhas funcións e uns roles ás mulleres e outros aos homes, pero que varian, segundo as clases sociais, e teñen diferente sentido. Non é o home o opresor, inda que sí seña certo que os seus roles priviléxianno, desde o punto de vista da independencia, dacomodidade ou das preocupacións e tormentos na relación coas mulleres.

mais non temás, que entre mil  
non hai más que un anxo entre os demos;  
non hai más que un atormentado  
entre mil que dan tormentos.

Son as funcións "femeninas" en cada situación social e económica as determinantes do carácter marxinal e subordinado da muller globalmente falando. Esta subordinación produce tres actitudes básicas presentes nas mulleres rosalianas, tresuntos en grande parte da sua propia agonía e contradición: a resignación, más ou menos atormentada, a auto-destrucción (o suicidio) ou a rebelión contra as normas da sociedade (o pecado teólico). Son elocuentes neste sentido, a maneira de exemplo, os poemas: "Tecín sóia a miña tea", "Como venden a carne no mercado", "de scíldes morriñase", "Tan soio", en canto aos diversos tipos de resignación nas mulleres; "Valor!, que anque eres como branda cera", "Espantada o abismo vexo", "Para a vida, para a morte", e "A xusticia pola man", para a caracterización da rebelión; ¡Sóia! para a caracterización do suicidio.

As funcións específicas, dentro de cada clase social, das mulleres respecto dos homes producen as incomprensións e a diferente valoración das relacións amorosas. E cecais este aspecto da visión do problema o que, estando enraizado na situación histórica concreta, aparece, non obstante, con más febras metafísicas, escépticas e anguradas. No poema "Un verdadeiro amor é grande e santo", desmitifica a creencia neste sentimento cal eterno, inda que esteña santificado polo matrimonio, afirmando o carácter caduco por excelencia de toda relación humana placentaria:

—¿Por más que acabe en bodas...?  
—Anque en bodas acabe;  
pois como todo doce, miña vida,  
e esta é cousa sabida  
como que queima o fogo,  
canto más come un del repuna logo.

A relación do home-muller, hostil e agresiva, fundamentada nunha visión mítica, maligna, non exenta de burla, ironía e mostério, topámosla no poema "Tanto e tanto nos odiamos". A condena divina ou demoniaca convertiu a unha viuda vella, que se negaba a convivir, despois de morta incluso, co seu antigo compaño, nunha meiga encargada de encelar namorados, desfacer casamentos e malquistar matrimonios. O caso é que as rapaciñas non casen, tan farta quedou ela do seu casiño. Ironía que ven indicar unha cásquea fatal incomprensión e agresividade entre home e muller, orixinada na sua diferente concepción dos sentimientos, do amor. A muller do noso campo enferma lonxe da terra e do seu namorado:

Estas lembranzas, ¡ai!, consumianme,  
de ti apartada, da terra lexos...  
O rapaz resposta cruentamente:  
Quixente un día, quixente, Rosa;  
mais de unha copa que o amor e o vento  
desque ieron o seu facido,  
vánse, rapaza, como víñeron.....  
¡Adios!, pra Habana domingo embarco;  
e ánque hora chores, non teñas medo,  
que mal de amores non é mal de morte,  
e ao fin e ao cabo pasa co tempo. ("Non é de marte")

A frialdade do home, a sua falta de sentimento firmes na relación amorosa, os seus oportunismos, indudablemente máis xeneralizados, por razóns económicas e socio-culturais óbvias, das que non se pode excluir o fenómeno da emigración a América, serviron a Rosalia de denuncia constatadora dun comportamento insolidario:

— Mais val aquí, como quen di solteiro,  
que casado e con fillos  
andar alá sudando aqueles millos...  
— Cando xa vello sea,  
tornarei cos meus ósos pra aldea,  
que algo lle hei de levar á terra nosa...  
— Déixete de concencias e dolores,  
que non teñen lugare  
Tratándose de mulleres e de amores..... ("¿Qué lle digo?")

Na situación da muller traballadora descobre Rosalia especialmente a fonda alienación, a fonda opresión da nosa sociedade, os seus sofrimentos, os seus pre-xúcios, as suas mentiras, as suas inxusticias as suas marxinacións e as suas limitacións. Sendo unha obra poética eminentemente preocupada pola muller, ven descobrir a soledade, a contradición, o esforzo por vivir, das persoas nun mundo sen Deus. Esto é, un mundo exclusivamente humanizado, material na dinámica dos seus conflictos.

O mesmo Murguia —na reseña ao primeiro libro de Rosalía, *La flor*, publicado en Madrid, 1857— ten que confesar:

“Ella es mujer en sus sentimientos, hombre en la franqueza con que los expresa. ¿Por qué ha de cubrir con un velo de hipócrita silencio lo que puede decirse? ¿Acaso una mujer no puede amar y decirlo?”

Isto é, ela non é a muller-tipo da ideoloxía dominante, rompe co rol imposto, enfrentase á hipocresía, violaa, e o comeñtarista, que a defende, ten que apelar a declarala “mujer” e “hombre” ao mesmo tempo, conforme o paquete de cualidades que a mentalidade discriminatória adscrebia a un e outro sexo.

“As viudas dos vivos e as viudas dos mortos”

Abondaría este capítulo da obra de Rosalía —libro quinto de *Follas novas*— para dar fe da solidariedade da escritora coas mulleres das classes populares do seu país, no aquí e agora concretos da Galicia da segunda metade do XIX. Non houbo escritor que fixese como ela fixo a sua epopeia (e utilizámos a sua propia expresión). O por tantos conceitos revelador prólogo de *Follas Novas* así nolo explican:

Libros enteiros poiderán se escribire falando do eterno infortunio que afrixé aos nosos aldeáns e mariñeiros, soia e verdadeira xente do traballo no noso país. Vin e sentín as suas penas como si fosen miñas; mais o que me commoveu sempre, e polo tanto, non podía deixar de ter un eco na miña poesía, foron as innumerables coitas das nosas mulleres: criaturas amantes para os seus i os estranos, cheas de sentimento, tan esforzadas de corpo como brandas de corazón e tamén tan desdichadas que se dixeran nadás solementes para rexer cantas fatigas poidan afrixir á parte máis floxa e ínvel da humanidade. No campo, compartindo mitade por mitade cos seus homes as rudas faenas; na casa, soportando valerosamente as ánsias da maternidade, os traballos domésticos i as arideces da probeza. Soías o más do tempo, tendo que traballar de sol a sol, e sin axuda pra mal manterse, pra manter os seus fillos, e quizais o pai valetudinario, parecen condenadas a non atopare nunca reposo senón na tumba”. “Cando nas suas confianzas estas probes mártires se astreven a decírnos os seus secretos, a chorar os seus amores, sempre vivos, a doerse das suas penas, descróbese nelas tal delicadeza de sentimentos, tan grandes tesouros de ternura (que a entereira do seu carácter non é bastante a mermar), unha abnegación tan grande, que sin querer sentímonos inferiores a aquelas obscuras e valerosas heroínas que viven e morren levando a cabo feitos maravillosos por sempre ifiorados, pero cheos de milagres de amor e de abismos de perdón. Histórias dinas de ser cantadas por mellores poetas do que eu soñ; e cuias santas armonías deberan ser expresadas cunha soia nota e nunha soia corda: do subrime, e na nota do dolor. Anque sin forzas pra tanto, tentei algo de eso, sobre todo no libro titulado “As viudas dos vivos e as viudas dos mortos”; mais eu mesma conoso que non acceptei a decilas cousas que era menester. As miñas forzas son cativas; quérais maiores quen haxa de cantarnos con toda a sua verdade e poesía tan sencilla como dolorosa epopeia”.

“La mujer, así en Oriente como en Occidente, así en la civilizada Europa, como en los países salvajes, sólo podrá vencer sabiendo resistir...”

Pero é que, ademais, Rosalía foi unha observadora agudísima de todos os mecanismos de alienación que poñía a funcionar unha sociedade clasista, discriminatoria e hipócrita como a española do XIX. E moi ilustrativa a este respecto a súa novela antecitada *El caballero de las botas azules*, onde non deixá titere con cabeza de toda a podremía egolátrica, narcisista, falsamente liberada e auto-compracida da sociedade “de merecer” de entón.

Debullemos só algúns anacos significativos:

“— A mi pesar, caballero, acaban de sorprenderme esas palabras que no comprendo...”

— Aluden, señora, a la mala costumbre de levantarse a las tres de la tarde las elegantes damas de estos países...

— Veo que no nos entendemos..., yo no acababa de levantarme cuando usted llegó, únicamente no estaba en traje de recibir.

— Ah!..., en traje de recibir... Usted me perdonará mi ignorancia; pero ¿tendría usted la amabilidad de decirme como es el traje de no recibir?

— He ahí una pregunta que parece tan irónica como atrevida”.

— Y usted, para qué ha nacido?

— ¡Oh! Para vivir y morir sin duda.

— ¡Ah! Lo mismo que las costureras.

— Pero no para coser. Cuando las mujeres de mi clase cogen alguna vez la costura, se pinchan los dedos de una manera horrible, señor duque.

— ¡Pobrecitas! Entonces, ¿qué clase de ocupaciones llenan sus horas? ¿Cómo cumplen aquella sublime misión que todo ser que nace trae a la tierra?

— ¿Necesito decirlo? ¡Válgame Dios! Una mujer de mi clase, ¿no tiene bastante con cumplir los deberes de sociedad y del grán mundo?

— ¿Cuáles son esos deberes, señora?

— Pues bien: el piano, el dibujo, las visitas, los paseos, los bailes, el teatro. ¿Nos dejan acaso un instante de reposo?

El duque volvió a sacar su cartera y se puso a escribir en ella, diciendo en voz alta: “Deberes que ocupan la existencia de las mujeres de la alta sociedad en la civilizada Europa: el piano, el dibujo, los paseos, las visitas, los bailes, el teatro”. ¿Hay algo más, señora?

— También la equitación, las lenguas extranjeras.

— “La equitación, las lenguas extranjeras” ¿Y la nacional?

— ¡Oh!..., esa se sabe sin aprenderla.

— Muy bien, el arreglo de la casa, el cuidado de la familia, todo eso se halla encomendado a otras manos, ¿no es así?

— Por supuesto. ¿Qué tiempo nos quedaría para eso, señor duque? Llega una del paseo, por ejemplo, se tierde en la butaca llena de cansancio y cuando se encuentra mejor ya es hora de ir al teatro, y a vestirse otra vez. Viene una del teatro, y cuando quisiera descansar son las doce, la hora del baile y ... a vestirse de nuevo; deja el baile, se acuesta, duerme casi nada, hasta las dos de la tarde, y cuando quisiera una estar un instante sola, hay que vestirse otra vez o para visitar o para recibir.

— ¡Qué fatalidad, señora!

— ¡Oh!, es una eterna fatiga...! ¡Cuántas veces, Dios mío, tengo ambicionado la tranquilidad de los campos... la vida de la aldea!

— ¿Tiene usted más que emprenderla?

— Ya lo he probado en más de una ocasión, pero, ¡ay!, me aburro enseguida, y tengo que volverme a la corte.

— ¿Y sigue usted fastidiándose?

— ¡Por supuesto!

— ¡Desgracia sin igual! ¡He ahí el gato, siempre el gato!...

— El gato, ¿qué significan esas palabras extrañas?

— Hablo del gato, al que hay que ponerle el cascabel. Tantas criaturas devoradas por la miseria y el trabajo, tantas otras devoradas también por el fastidio y el ocio..., es una terrible calamidad y en vano se habla de adelantos, de progreso; las mujeres siguen atormentadas, las unas teniendo que hacerlo todo, que trabajar para sí y para los demás; las otras haciéndose vestir y desnudar la mitad del día, teniendo el deber de asistir al baile, a la visita, viéndose obligadas a aprender la equitación... ¿Cómo no sufrir? ¿Cómo no cansarse y aburrirse de todo eso?”.

— “Hable usted, caballero, hable usted... ¿quién sabe si hallará aquí lo que desea? Está usted en su propia casa y nos conceptuaríamos

muy honradas en servirle...

—Imposible, señora, voy en busca de modestas jóvenes que necesiten ganar con el trabajo de sus manos algunos miles de pesos para ayuda de la dote.

—¡Miles de pesos!, murmuró la señora de la casa con interés. ¿Qué trabajos, pues, serán esos? ¿Puede saberse?

—Para qué, señora? Las condesas no necesitan de esas cosas..., ni tampoco las ricas y así...

—Es que nosotras no somos condesas, ni podemos llamarnos ricas.

.....  
—Pues bien, ya que usted se empeña, hablaré, si bien convencido de que será en vano. ¿Querrían estas señoritas calcetar doscientos gorros de dormir hechos con merino y listas de seda a seis duros el par?

—¡Jesús... qué horror!... ¡Nosotras calcetar gorros! ¡Trabajar por dinero como si fuésemos obreras!

.....  
—¿Pertenecerán ustedes realmente a la clase media? Pues en ese caso, señoras, ¿por qué no querer calcetar gorros de dormir cuyo par da de ganancia seis duros? ¿No trabajan sus papás? Pues trabajan ustedes también, señoritas, y déjense de esas apariencias de riqueza que ocultan una miseria vergonzosa y un orgullo tan ridículo como inútil...

—Salga usted inmediatamente de aquí, caballero; salga usted, prorrumpió la señora de la casa”.

“...y en aquel salón (...) se reunían por lo general como unas veinte jóvenes, bonitas las unas, graciosas la mayor parte y todas con aspiraciones a un buen partido. Respecto a ellos, eran, lo que se dice, jóvenes de grandes esperanzas y si las damas aspiraban a un brillante acomodo jno digo nada los galanes!

Es de advertir, no obstante, que entonces ninguno había pensado todavía en el santo matrimonio, lo cual formaba un gran contraste con el afecto cariñoso que aun las más ligeras y coquetillas de aquellas niñas profesaban desde el fondo de su corazón a las dulces alegrías que que proporciona un hermoso día de boda.

Y esto es bien natural por cierto. Los hombres se casan muchas veces, se casan con la toga, con la política, con las ciencias, con la cartera de ministro, mientras que las mujeres sólo se casan una vez en la vida. Si llegan a dos, ya sienta mal en los ojos que lloraron a un muerto el rayo de alegría que ha venido a iluminarlos en las primeras bodas. Es una repetición de ceremonias que se asemeja algo a un remordimiento, ya parece que tras de las blancas cortinas que ocultan el lecho nupcial, debe hallarse escondida una sombra”.

“No hay tan brutal material como la realidad”

Non hai novelista español do século XIX que poña o dedo na chaga —como Rosalía o fixo— de todo o tecido de convencións, usos, preconceitos, valoracións... que caracterizaban a práctica social da pequena e meia burguesía, así como da aristocracia española do XIX. O complexo ascensionista da clase média, a improdutividade laboral e social, a dedicación a actividades perfeitamente inúteis e frívolas, a propia conceptualización do corpo femenino como materia de “decoración”, a saída do matrimonio como única válida para a riqueza e para a que había que exercitarse na correspondente “caza e captura”, a repugnancia ao trabalho... en fin, todas as secreciones dunha ideoloxía e dunha moral defensoras da orde dominante e dispostas a pôr en xogo cantos mecanismos de alienación foren precisos para asegurar os intereses da clase opresora, que tamén necesita —para a súa sobrevivencia— someter e inutilizar a muller.

Todo isto é posta en solfa pola nosa escritora, que diseciona en profundidade estes comportamentos, en clave irónica, e oferécenos o correspondente contraste, nesta novela a través do personaxe fantástico do “Duque de la Gloria”...

Por iso, o exemplo de Rosalía —que merecería neste punto un estudo en profundidade—, fóra xa da sua significación histórica excepcional, como alicerxe fundamental do despertar da nosa conciencia nacional, coídamos que ainda nos ten moito que dicer ás galegas e aos galegos de hoxe, tanto pola súa traxectoria persoal como polo testemuño vivo da súa obra. Ainda segue en pé moito do que ela denunciou. Por tanto, segue sendo o noso compromiso loitar abertamente contra a alienación, as condutas anti-sociais, a discriminación laboral, sexual e social, a desigualdade a golpe de decreto ou a golpe de hábito social. Nela temos moito más que un precioso antecedente. Temos tamén a garantía de que a nosa loita ten un sentido e unha dirección. Lembralos, axudarános a resistir e a vencer.

## A XUSTICIA POLA MAN

Aqués que tén fama de hohredos na vila  
roubáronme tanta brancura que eu tiña,  
botáronme estrúmo nas galas dun día,  
a roupa de cote puxéronma en tiras.

Nin pedra deixaron en onde eu vivira;  
sin lar, sin abrigo, morréi nas curtiñas,  
ó raso coas lebres dormín nas campas;  
meus fillos... ¡meus anxos!..., que tanto eu quería,  
¡morreron, morreron, ca fame que tiñan!

Quedéi deshonrada, mucháronme a vida,  
fixéronme un leito de toxos e silvas:  
I en tanto, os raposos de sangre maldita,  
tranquillos nun leito de rosas dormían.

—¡Salvademe, ou, xuecos!, berréi... ¡Tolería!  
De min se moferon, vendéume a xusticia.  
—Bon Dios, axudálme, berréi, berréi inda...  
Tan alto que estaba, bon Dios non me oíra.

Entónceas, cal ioba doente ou ferida,  
de un salto con rabia pilléi a fouscónha,  
rondéi pasenío... ¡Ni as herbas sentíen!  
I a lúa escondíase, I a fera dormía  
cos seus compañoiros en cama muñida.

Miréinos con calma,-i as mans estendidas,  
de un goipe, ¡de un soio!, deixéinos sin vida,  
i ao lado, contenta, sentíe das vítimas,  
tranquile, esperando pola alba do día.

I estoncess..., estoncess cumpréuse a xusticia,  
eu, neles; I es laises, na man que os ferira.

## [TECIN SOIA A MIRA TEA]

Tecin soia a miña tea,  
sembréi soia o meu nabal;  
soia vou por leña ao monte,  
soia a vexo arder no lar.  
Nin na fonte nin no prado,  
así morra coa carrax,  
él non ha vir a me erguer,  
él xa non me pouará.  
¡Qué tristeza! O vento zoa,  
canta o grito ó seu compás...;  
ferve o pote..., mais, ¡meu caldo  
soíña te hei de ceiar!  
Cala, rula; os teus arrulos  
ganás de morrer me dan;  
cala, grito, que si cantas  
sinto negras soldás.  
O meu homillón perdéuse,  
ninguén sabe en ónde val...  
¡Anduriña que pesache  
con él as ondas do mar!  
¡Anduriña, voa, voa,  
ven e díme en ónde está!

## [DECIDES QUE O MATRIMONIO]

Decides que o matrimonio  
é santo e bueno. Seráio;  
mas non casou San Antonio,  
por más que o mesmo demónio  
tentouno a facelo ensaio.

Celicios, cántos poder;  
penitencias, a Dios dar;  
mas santo no houbo, a meu ver,  
que dos casados quixer  
ca pesada oruz cárgar.

Nin os santos padres todos,  
de quen tes tantos escritos  
i alabas de varios modos,  
quixerón naqueses todos  
meter os seus pes benditos.

Do, direuto, do rivés,  
matrimonio, un dogal éis;  
eres tentación do inferno;  
mas casaréi..., pois... ¡no Inverno  
non ter quan lle a ún quente os pest...

## ESTRANXEIRA NA SUA PATRIA

Na xa vella baranda  
entapizada de hedras e de llírios  
foise a sentar calada e tristemente  
frente do templo antiguo.

Interminable procesión de mortos,  
uns en corpo nomáis, outros no espírito,  
vou pouco a pouco a aparecer na altura  
do direito camiño,  
que monótono e branco relumbraba  
tal como un lenzo nun herbal tendido.

Contempróu cá! pasaban e pasaban  
correndo hacia o infinito,  
sin que ó fixaren nella  
os ollos apagados e afundidos  
deran siñal nin moestra  
de habela nalgún tempo conocido.

I uns eran seus ámantes noutros días,  
deudos eran os más i outros amigos,  
compañeiros da infancia,  
sirventes e veciños.

Mais pasando e pasando diante dela  
fono os mortos aqueles prosigulndo  
a indiferente marcha,  
camiño do infinito,  
mentras corraba a noite silenciosa  
os seus loltos tristísimos  
en torno da estranxeira na súa patria,  
que sin lar nin arrimo,  
sentada na baranda contempraba  
cál brillaban os lumes fuxitivos.

## NO É DE MORTE

### XAN

Xan vai coller leña ao monte,  
Xan vai a compoñer cestos,  
Xan vai a podalar viñas,  
Xan vai a apañalo esterco;  
e leva o fol ao muíño,  
e trai o estrume ao cortello,  
e vai á fonte por augua,  
e vai a misa cos nenos,  
e fai o leito i o caído...  
Xan, en fin é un Xan completo,  
deses que a cada muller  
lle conviña un polo menos;  
pero cando ún busca un Xan,  
casi sempre atopá un Pedro.

Pepa, a fortunada Pepa,  
muller do Xan que sabemos,  
mentras seu home traballa,  
ela lava os pes no rego,  
cátalle as pulgas ó gato,  
peitea os longos cabelos,  
bótalles millo ás galinhas,  
marmura coa hirmán do crego;  
mira si hai ovos no niño,  
bota un olló ós manzancellos,  
e lambe a nata do leite,  
e si pode bota un neto  
ca comadre, que agachado  
trailló en balxo do mantelo.  
E cando Xan pola noite  
chega cansado e famento,  
ela xa o espera entre as mantas,  
i ó velo entrar dílle quedo:

—Por Dios, non barullies moiño,  
que me estou mesmo morrendo.  
—¿Pois qué tes, ha mullerña?  
—¿Qué hai de ter? Della eses nenos;  
que esta madre roe en min  
cal roe un can nun codelo;  
i ó cabo ha dare conigo  
nos terrós do silmitero...  
—Pois, ha Pepa, toma un trago  
de resolio que aquí teño,  
e durme, ha mullerña,  
mentras os meniños deito.—

De bágoas se enchen os ollos  
de Xan ó ver tales fellos;  
mas non temás, que ante mil  
no hai más que un anxo entre os demos;  
no hai más que un atormentado  
entre mil que dan tormentos.

—¿Xa estás de volta, Rosa de Anido?  
¡Eu non coidara verte tan cedo!  
I as meigas todas contigo, Rosa,  
aló na vila seica andiveron,  
que de difunto les a colore  
i a vista brava, i o falar seco.

—É que de pena, da terra lonxe  
pouquinho a pouco me iba morrendo;  
mas... colorosa me verás logo,  
que agora vivo porque te vexo.

—Tola de Rosa, co que ela sail  
¿inda te acordas de aqueles tempos?

—¡Sí, inda me acordoi... ¿Cómo olvidalos  
cando tan solo sei pensar neso?  
Bebemos xuntos naquela fonte,  
xuntos pousamos naquel portelo,  
herba collimos xuntos no predo,  
e ibamos xuntos tomalo fresco  
no mes de agosto dende que a lúa  
branca sala tras dos outeiros.  
Estas lembranzas, jaíl, consumíanme,  
de ti apartada, da terra lexos...  
Pero ti, dime, ¿non te acordaches  
e non te acordas de todo aquello?

—¿Ti qué me pides, rapaza, cando  
desmemoriado son como un deño?  
I ademáis, Rosa, dirécho todo,  
pra que non voives a pensar neso:  
bebín con outras naquela fonte,  
pouséi con outras naquel portelo,  
jaíl, e con tantas á luz da lúa  
no mes de agosto toméi o frescol...  
Dime, meniña, si un home pode  
cargar con tantos recordos destos,  
e si non debe botalos fora  
porque no estorben no pensamento.  
Quixente un día, quixente, Rosa;  
mas di unha copra que o amor i o vento  
desque fixeron o seu facido,  
vanse, rapaza, como víñeron.  
¡E qué lle vamos a facér, Rosa,  
si aquestas cousas non tén remedio!  
¡Adíos!, pra Habana domingo embarco;  
i aunque hora chores, non teñas medo,  
que mal de amores no é mal de morte,  
i ó fin i ó cabo pasa co tempo.

### ISOIA!

Eran dondas as tardes,  
risñas as mañáns,  
i era a tristeza súa  
negra coma a orfandá.

Iñase á mañescida,  
tornaba coa serán;  
mas que fora ou víñera  
ninguén llo lña a escúcar.

Tomóu un día lene  
camiño do areal...  
Como nadie a esperaba,  
ela non tomóu más.

Ó cabo dos tres días  
botóuna fora o mar,  
i all onde o curvo pousa,  
soia enterrada está.

**POEMA A MULLER GALEGA**

*... viúdas de viúvos e mortos  
que ninguén consolará...*

**ROSALIA DE CASTRO**

<sup>1</sup>

E criminal, no tempo que corremos,  
comparar a muller e mais a frol  
cando as mulleres de Galicia  
teñen que emigrar  
pra Francia, Suiza i Alemania  
como antes emigraban  
pra Cuba, Arxentina e Venezuela.  
As mulleres galegas non teñen  
luceiros en vez de ollos  
senón tristura arrepiante  
de ollar un mundo inxusto  
que está ó seu redor.  
Voltaronse roxos os seus ollos  
de chorar polo home que se foi,  
polo fillo que non volta,  
polo pai que hai anos non escribe.  
Os seus ollos na lonxanía están chantados  
porque a barca na que saiu o compañoiro  
non ten traza ningunha de voltar.  
As mulleres galegas teñen  
dedicante da súa ollada  
eidos sin labrar,  
ermos, incultos,  
e son elas as que empuñan a rabetas  
como o que ergue unha bandeira  
pra obrigar á terra,  
ó escuro terrón endurecido,  
a parir o pan de cada día.  
A muller galega non ten  
—testigo son, podo xuralo—  
en vez de dentes, pérolas,  
nun risas musicais, cristañas:  
os seus dentes roen broa de millo,  
pan centeo,  
a realidade dura como un seixo;  
estas cousas que non  
teñen chiste algún

tólenlles os deseños de sorrir.  
A muller galega —tomade  
boa nota, a ver  
si o deprendedes dunha vez—  
non ten a pei de lilio ou azucena,  
senón unha pel queimada polo sol,  
petada polos ventos,  
lavada polas choivas,  
enteitizada polas neves,  
pola xeada endurecida,  
arrecendendo a mar,  
a campía i a carqueixa.  
Tampouco ten corpo de bimbio,  
senón un corpo duro, resistente,  
cangado polo traballo,  
dobregado pola probeza,  
vencido polo labourar arreo,  
sin tréglolas nin descanso.  
A muller galega non é a dona  
—tiradeo da cachola— nin a ama,  
nun a raiña do fogar,  
senón a compañeira fidel,  
valente i amorosa  
igual ó home na loita contra a vida.  
Non ten beizos de fresa ou de coral,  
os seus beizos están pechos,  
apertados pola dor i a caraxe.  
As suas orellas certamente non son  
caracolas de nacre ou pétalos de rosas:  
están feitas de terra  
i escoitan con toda caridade  
a voz dos fillos  
pedindo pan a berros.  
Tampouco a sua sorrisa é  
un raión de sol na primaveira:  
é unha luz morta, cincuenta  
como unha tarde pecha do Inverno,  
un suco acedo  
aberto pra tristura.  
As mulleres galegas —labregas,  
mariñeiras, artesás, obreiras,  
pasado, pobo, presente,  
alma e futuro de Galicia—

non foron cantadas  
polos poetas cultos e premiados,  
pechados nas súas torres de almasí:  
eles, tan sensibles, non podían  
adicarilles rondós e madrigales,  
sonetos perfectísimos  
a donas que falan en galego,  
que son forza do pobo,  
porque non teñen xeitos requintados,  
deprendidos en colexos elegantes,  
niñ vestidos fermosos,  
niñ frases retorneadas  
—nunca foron á escola,  
i as súas maus non se semellan  
ás azas dos paxaros,  
niñ teñen soavidades de veludo:  
están encallecidas polo traballo,  
son duras como as pedras,  
só tenras pro garimo,  
con soavidades de mel  
pra perdoar e comprender,  
pra sementar tenrura e máis amor,  
pra arrincar odios.

## 2

... E un lembrá a Etheria, a pelería;  
a María Balfeira, a xogaresa;  
á doce, fonda, tristeira e verdadeira  
nai de Galicia, Rosalía;  
á Pardo Bazán, tan segura de sí  
e tan sabida; a valente María Pita;  
a Concepción Arenal, escoando amor,  
nacendo e revertendo amor  
dun xeito inesgotable...  
Galicia é unha muller.  
Galicia, néboa imprecisa;  
rio o que nunca se lle ve o fondo;  
dor que nos manca;  
casa de cantería tan vellíña,  
ten nome femenino,  
un nome moi fermoso de muller.  
Galicia, nosa nai,

nosa dona,  
nos irmá,  
nosa amiga.  
Galicia noso desacougo  
e nosa vida.  
Tódalas nosas multeres son Galicia:  
voz que nos chama e nos arrolla,  
luz que nos alumia,  
amor que nos alcende;  
tenrura que anceiamos  
e nos compre.  
¡ Esperanza ergueita  
cara un futuro limpo,  
noso,  
que agardamos !

*Renuel. Manuel Maua.*

*Renuel. Manuel Maua.*